



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 5 DE XUÑO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica AC-243 (Ribadulla N-525- estación de Ribadulla) a prol do Concello de Vedra

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de Humedais de Galicia

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura co convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento e promoción da cátedra da infancia
- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional conflito positivo de competencias contra a Orde TAS/421/2008, do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións solicitadas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría de Estado de servizos sociais, familias e discapacidade

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE**

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 43.922.102,90 euros correspondente á obra vía alta capacidade Costa Norte. Variante Ortigueira (Conexión AC-101- Espasante)



## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 19 de novembro de 2001 entre a Consellería de Industria e Comercio (actualmente denominada Consellería de Innovación e Industria) da Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras para o desenvolvemento do Acordo do Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE) durante o período 2001-2006, correspondente á anualidade do ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 19 de novembro de 2001 entre a Consellería de Industria e Comercio (actualmente denominada Consellería de Innovación e Industria) da Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras para o desenvolvemento do Acordo do Programa de Seguimento PIPE durante o período 2001-2006, correspondente á anualidade do ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2001 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do Acordo do Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade do ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio asinado o 29 de novembro de 2001 entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do Programa de Seguimento de PIPE, correspondente á anualidade do ano 2008

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se conceden subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM FEADER- Abegondo... Vilanova de Arousa)



## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 3.185 metros cadrados feita a título gratuito polo Concello de Oroso (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde en Sigüeiro
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 2.050 metros cadrados feita a título gratuito polo Concello de Malpica de Bergantiños (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino a construción dun centro de saúde en Buño

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda pola que se prorroga ata o 31-12-2008 o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do Plan de Recuperación da ría do Burgo

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Camariñas para a adecuación, selaxe e clausura dos vertedoiros de Prado Canteira e Monte de Campanario por importe de 497.573,65 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Nigrán para a adecuación, selado e clausura do vertedoiro do parque empresarial terciario do Porto do Molle, por importe de 755.014,77 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para realizar un programa de educación para a sustentabilidade dos ríos (Proxecto Ríos), por importe de 75.000 euros

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Cuntis para a obra de remodelación da praza da Constitución e o seu contorno



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Tomiño para a obra de remodelación da praza de Mina e o seu contorno
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Bueu, para a obra de rehabilitación da rúa peonil Eduardo Vicenti
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Marín, para a obra de acondicionamento da barriada de Francisco Pérez Crespo- Mogor
- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta a favor do concello da Illa de Arousa das vías públicas, zonas de acceso e espazos libres de uso público que constitúen as urbanizacións interiores do grupo de vivendas Virgen del Carmen, nas parcelas Niño D' Agro e Laxes de Paradela

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá Conta ao Consello da Xunta da selección por parte da Axencia Espacial Europea do desenvolvemento dun satélite Cubesat coa participación de Retegal S.A. e a Universidade de Vigo

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia do 8 de abril de 2008 do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, das actuacións de emerxencia de abastecemento para paliar a grave situación de seca en Galicia e garantir o abastecemento de auga a poboación, por importe de 16.405.391 euros



## **A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE VEDRA A TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA AC-243 EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA**

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello de Vedra dun treito da estrada AC-243 ao seu paso pola parroquia de Santa Cruz de Ribadulla. Trátase dun pequeno tramo de 270 metros de lonxitude que vai desde o lugar de Galegos ata a estación de ferrocarril de Ribadulla, e cuxa transferencia foi solicitada polo propio Concello.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou que pertencen a treitos antigos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado.

Neste caso, o treito obxecto de transferencia ten características urbanas xa que posúe beirarrúas, saneamento e abastecemento de augas e iluminación pública.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello de Vedra que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO DOS HUMIDAIIS PROTEXIDOS DE GALICIA, QUE INCLÚE A CREACIÓN DUN INVENTARIO QUE RECOLLERÁ OS ESPAZOS NATURAIS DESTAS CARACTERÍSTICAS EXISTENTES NO TERRITORIO GALEGO**

- *Complementará a xa existente nos cinco humidais de Galicia que contan coa declaración de zonas Ramsar de interese internacional*
- *A nova norma establece o concepto de humidal protexido e os criterios que o caracterizan, xunto aos obxectivos de xestión e protección*
- *O Inventario é un rexistro público dos espazos a catalogar como humidais mariños e costeiros, continentais, subterráneos ou artificiais*
- *Declararanse humidais protexidos os que cumpran cos requisitos de singularidade da paisaxe, de mantemento de funcións ecolóxicas, de tratarse dun exemplar único e de sustentar unha poboación de especies animais ou vexetais importante para a biodiversidade*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao Decreto dos Humidais Protexidos de Galicia, que establece o réxime xurídico para a conservación e protección destes espazos naturais e contempla a creación dun Inventario de Humidais do territorio galego. O decreto, elaborado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, permitirá dotar de protección a estes ecosistemas, habitualmente constituídos por marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga natural ou artificial, estancada ou corrente e que destacan como hábitat de aves acuáticas.

A aprobación deste decreto e a creación do Inventario de Humidais de Galicia fará posible a especial protección de zonas do territorio galego que, polas súas características, constitúen un importante patrimonio natural. Actualmente a comunidade autónoma conta con cinco humidais declarados como zonas Ramsar de interese internacional, como son o Complexo Intermareal Umia – O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; a Ría de Ortigueira e Ladrido; o Complexo das praias, lago e duna de Corrubedo; a Lagoa e Areal de Valdoviño e a ría de Ribadeo.

O novo decreto establece o concepto de humidal protexido e os criterios que os caracterizan, entre os que se atopan a súa singularidade como paisaxe, a súa importancia para o mantemento de funcións ecolóxicas e que se trate dun exemplar único ou representativo dunha unidade bioxeográfica particular, ademais de que sustente poboacións de especies vexetais ou animais importantes para o mantemento da diversidade biolóxica e de aves acuáticas invernantes.



A normativa tamén abre a posibilidade para que un humidal poida declararse como protexido, para o que terá que estar previamente incluído no Inventario de Humidais de Galicia. Na delimitación do humidal protexido poderase establecer ademais unha zona periférica de protección.

O decreto recolle os obxectivos xerais de xestión para aqueles espazos declarados como humidal protexido, entre os que se atopan o de asegurar que os plans de xestión do humidal se executen coordinadamente coas actividades urbanísticas e de xestión do solo e da auga, a execución de programas de seguimento do humidal e en particular dos hábitats e das poboacións de especies, a eliminación de fontes do contaminación do humidal e a estimulación da investigación científica das súas características, entre outras.

### **Inventario de Humidais**

O inventario de Humidais de Galicia configúrase como un rexistro público daqueles sistemas naturais, seminaturais ou artificiais que polas súas características paisaxísticas e de biodiversidade poidan ter a catalogación de humidais.

A catalogación, determinada no convenio Ramsar, é a de humidais mariños e costeiros, entre os que destacan os tipos correspondentes a augas mariñas superficiais próximas á costa, os esteiros e sistemas fluvio-mariños, así como as lagoas costeiras; humidais continentais (humidais de augas correntes) xunto aos humidais subterráneos e os artificiais (estanques de acuicultura, cultivos e terreos de labradío inundables, estanques de uso agrícola, forestal ou recreativo e canles ou encoros, entre outros).

A inclusión dun humidal no inventario realizarase de oficio pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

## O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA DA INFANCIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento e promoción da cátedra da infancia. Para este convenio a Xunta, a través da Secretaría Xeral do Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade, destinará un total de 100.000 euros entre os anos 2008 e 2009.

O obxecto deste acordo é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento e promoción da cátedra da infancia nesta universidade. Así, a través desta iniciativa desenvolveranse de forma conxunta diversas actividades e proxectos no eido da infancia, como son os proxectos de investigación e a organización e realización de todo tipo de actividades académicas, como cursos, conferencias, simposios ou seminarios. Tamén se promoverán as publicacións e traballos de investigación e colaborarase en todo tipo de proxectos culturais de interese común. Ademais, a cátedra da infancia prestará especial atención ao estudantado e persoal investigador, ao que apoiará para o desenvolvemento dos seus proxectos.

A través deste convenio de colaboración a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta quere promover un espazo desde o cal poder levar a cabo diversas actuacións e estudos relativos á infancia, avanzando así no coñecemento do mundo relacionado cos menores e favorecendo o desenvolvemento de accións encamiñadas a mellorar a súa calidade de vida e o seu crecemento.





## **A XUNTA INTERPORÁ UN CONFLICTO POSITIVO DE COMPETENCIAS ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL POLA ORDE QUE REGULA AS SUBVENCIÓNS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVIZOS SOCIAIS**

- *O Goberno galego entende que a orde vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma que atribúe o Estatuto en materia de asistencia social*

O Consello da Xunta acordou na hoxe interpoñer un conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional contra a Orde TAS/421/2008 do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Minusvalidez. O Goberno galego entende que a norma mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, ao residenciar completamente no Estado un proceso de subvencións en relación a unha materia que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, segundo se establece no artigo 27.23 do Estatuto galego.

O Goberno galego acordara o pasado 17 de abril formular ao Executivo do Estado un requirimento de incompetencia desta orde. Na súa resposta, o Consello de Ministros non variou a súa postura, nin se modifica por tanto a convocatoria das devanditas axudas para o ano 2008. Por iso, a Xunta de Galicia prosegue co proceso xa iniciado, interpoñendo ante o TC este conflito positivo de competencias.

A orde aprobada polo Estado o 19 de febreiro regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén atribúe ao propio Ministerio a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas. Neste senso, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera que o Estado non dispón dun poder subvencional desvinculado do poder competencial, de xeito que o poder de gasto non pode ser autónomo da competencia á que se refire.

Neste senso, en canto á dimensión territorial dos programas que se poden subvencionar ao abeiro desta disposición, na Orde non existe ningún tipo de prevencións que determinen que só se van financiar programas de necesaria dimensión estatal para a súa eficacia, e non asegura que non se vaian subvencionar actuacións de ámbito infraestatal. De feito, das tres resolucións de convocatoria das axudas xa publicadas so nunha, a de 10 de marzo de 2008, para poder ser beneficiario esíxese no artigo 3.b) a implantación estatal da entidade, non obstante isto non implica que as súas actuacións deban ter necesariamente dimensión estatal. Así mesmo, no artigo 7.1.a) da Orde pola que se establecen as bases reguladoras, determínase que un dos criterios de valoración dos programas que se presenten será a súa implantación, un criterio de baremo que non tería validez se todos os programas tiveran implantación estatal, posto que todos terían xa que logo a mesma puntuación,

e que por tanto fai intuír que se van subvencionar programas de dimensión territorial non estatal.

A mesma orde, no seu preámbulo, recoñece que se van dar axudas sexa cal sexa o territorio onde realicen as súas actuacións as entidades, xustificándose nunha interpretación expansiva do artigo 149.1 da Constitución Española –“a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais”–, interpretando que “é responsabilidade do Estado avalar as entidades que operan neste ámbito dende unha perspectiva organizativa ou institucional, para deste modo fomentar ou potenciar a posterior actividade de protección social que han desenvolver”, xustificando a intervención do Estado “pola necesidade de garantir a igualdade plena na repartición das axudas”.

O Goberno galego entende que é incorrecto invocar este artigo para atribuír en exclusiva ás instancias estatais a regulación e execución do procedemento para obter as subvencións en relación a unha materia que é competencia da Comunidade Autónoma, e así o avalan varias sentenzas do Tribunal Constitucional. De feito, da xurisprudencia constitucional (STC 61/97) pódese determinar que a competencia do Estado a partir deste artigo 149.1 da Constitución se limitaría ao ámbito do normativo, excluindo a posibilidade da súa invocación no ámbito executivo. Por outro lado, o TC tamén ten sentenciado que o “interese xeral” que utiliza a orde en varias ocasións non pode ser criterio de atribución de competencias ao Estado.

Neste senso, segundo considera o Goberno galego, nunha orde coma esta, o Estado, debería limitarse a especificar o destino e condicións xenéricas e primarias do outorgamento de subvencións, para deixar ás Comunidades Autónomas a concreción e desenvolvemento do destino das axudas, así como a regulación da súa tramitación e a propia tramitación destas.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 44 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CIRCUNVALACIÓN DE ORTIGUEIRA

- *Política Territorial destinará un total de 276 millóns de euros en toda a Vía de Alta Capacidade da Costa Norte entre Ferrol e San Cibrao*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 44 millóns de euros para a construción da Circunvalación de Ortigueira, o primeiro dos treitos da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte que comezará a executarse. Esta cifra é exclusiva para acometer as obras, polo que para o orzamento total hai que engadir os máis de 4,2 millóns de euros destinados a expropiacións dos 950 predios afectados.

A Variante de Ortigueira, cunha lonxitude aproximada de 10 quilómetros, conectará a estrada As Pontes-Ortigueira (AC-101) coa localidade de Espasante. Deste xeito evitarase o paso polo núcleo de Ortigueira, o que redundará nunha mellora da mobilidade e da seguridade no núcleo urbano desta localidade.

Tanto esta Variante como o treito entre Celeiro e San Cibrao atópanse nestes momentos en fase de expropiacións e as previsións de Política Territorial son iniciar este mesmo ano as obras de ambos os tramos, que supoñen o 20 por cento da lonxitude total da nova infraestrutura.

A VAC da Costa Norte, entre Ferrol e San Cibrao, discorrerá ao longo de 90 quilómetros e será prolongada tamén con características de corredor polo Ministerio de Fomento dende San Cibrao ata Barreiros, punto no que enlazará coa Autovía do Cantábrico (A-8). No treito autonómico desta nova infraestrutura xa se están redactando todos os proxectos construtivos, e a posta en servizo desta infraestrutura sitúase en 2011.

A Consellería de Política Territorial introduciu unha serie de melloras e reformulación de enlaces para que a infraestrutura teña características de corredor, é dicir, que dende o punto de vista técnico estará deseñada para o seu desdoblamento en autovía cando a intensidade de tráfico o requira.



## **A XUNTA ACHEGARÁ 265.943 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INICIACIÓN Á PROMOCIÓN EXTERIOR (PIPE) EN 2008**

A Consellería de Innovación e Industria renova este ano a colaboración co ICEX, coas Cámaras de Comercio de Galicia e o Consello Superior de cámaras de comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do Programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE), correspondente á anualidade de 2008. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición de varias addendas aos convenios de colaboración que Innovación e Industria ten asinados cos devanditos organismos.

En total, a Consellería de Innovación e Industria achegará 265.943 euros para cofinanciar o desenvolvemento de diversos programas de iniciación á promoción exterior e seguimento de PEMES en Galicia así como para a elaboración de diagnósticos empresariais.

O programa PIPE configúrase como un plan individualizado, específico e estratéxico deseñado para aquelas PEMES que non exportaron nunca ou que o fixeron de xeito ocasional, co fin de apoialas na súa saída aos mercados exteriores e conseguir desta maneira que un maior número de empresas se aventuren no exterior.



## O GOBERNO GALEGO DESTINA 808.000 EUROS A MELLORAR A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS CON DENOMINACIÓN DE CALIDADE AGROALIMENTARIA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a investir 808.000 euros para a concesión de axudas destinadas aos 16 consellos reguladores das denominacións de calidade agroalimentaria recoñecidas en Galicia, co obxectivo de promover os produtos amparados polas indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe.

O pagamento destas axudas realizarase en dúas fases correspondentes ao 20% e 80% do importe. Estas axudas serán aboadas no momento no que os beneficiarios xustifiquen os libramentos anteriores.

A Consellería do Medio Rural entende que a defensa e a promoción daqueles produtos agroalimentarios con características diferenciadoras pola súa orixe xeográfica e calidade resulta positiva para o desenvolvemento rural, e especialmente, para as zonas menos favorecidas, ao contribuír a asegurar a renda dos agricultores e gandeiros, así como a fixación da poboación rural nesas zonas.

A distribución das axudas realizarase de acordo co exposto no seguinte cadro:

C.R.D.O. RIBEIRO	55.000 Euros
C.R.D.O. VALDEORRAS	55.000 Euros
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	55.000 Euros
C.R.D.O. MONTERREI	55.000 Euros
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	55.000 Euros
C.R. das D.X. das augardentes e licores tradicionais de Galicia	55.000 Euros
C.R.I.X.P. TERNERA GALLEGA	55.000 Euros
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	55.000 Euros
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	55.000 Euros
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	55.000 Euros
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	28.000 Euros
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	55.000 Euros
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	55.000 Euros
C.R.D.O. QUEIXO CEBREIRO	25.000 Euros
C.R.D.O. QUEIXO SAN SIMÓN DA COSTA	40.000 Euros
C.R. AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA	55.000 Euros



## O PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS EN MELLORAR AS DOTACIÓNS BÁSICAS DE 74 CONCELLOS

- *O Consello da Xunta aprobou unha nova fase deste programa para o ano 2008*
- *Este programa ten como obxectivo dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación do rural con obras en infraestruturas e servizos básicos como abastecemento de auga, saneamentos, e acondicionamento de camiños agrícolas ou pistas rurais*
- *O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), posto en marcha no ano 2006, contemplaba un investimento inicial de 80.000.000 euros para 315 concellos galegos no período 2006-2009*
- *O Goberno galego espera executar durante este ano a totalidade do PEIM adiantándose así un ano a súa finalización, e que o investimento supere nun 4% a achega prevista inicialmente, superando así os 82 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a desenvolver unha nova fase do Programa de Infraestruturas do ano 2008. Nesta quenda, o Goberno galego asinará convenios con 74 concellos para a execución de determinados proxectos no medio rural. En total, nesta etapa investiranse 11.312.819 euros que se engaden aos 17.042.652 euros da anterior quenda.

O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM) prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva que foron consensuados coa Fegamp. O obxectivo deste programa é dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación do rural de Galicia; e mellorar as infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da Consellería do Medio Rural. Esta programación naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.

O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM) foi posto en marcha no ano 2006 e consideraba un investimento inicial de 80.000.000 euros para os 315 concellos galegos no período 2006-2009, en diferentes actuacións financiadas con cargo ao Feader 2007-2013 e con fondos propios da Xunta. Nos dous primeiros anos de execución do PEIM foron 307 os concellos que recibiron investimentos da Consellería do Medio Rural con cargo a este programa, acadando un investimento de máis de 48 millóns de euros.



A Xunta espera executar, non entanto, durante este ano a totalidade do PEIM adiantándose así un ano a súa finalización. As previsións do Goberno galego son, ademais, que o investimento supere nun 4% o investimento previsto inicialmente, superando así os 82 millóns de euros.

Os datos manexados pola Consellería do Medio Rural evidencian que arredor do 70 por cento das obras solicitadas polos concellos corresponden á mellora de infraestruturas viarias, como por exemplo o acondicionamento e mellora de camiños e pistas rurais, arranxo do firme e pavimentación. Son tamén solicitadas outras obras relacionadas co abastecemento de auga (en torno ao 11%) e sistemas de saneamento e depuración (12%). Mentres que, en menor medida, se inclúen outro tipo de melloras, como as relacionadas cos sistemas de levadas de auga para rega, construción de pontes e melloras dos núcleos rurais.

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE RECIBE DO CONCELLO DE OROSO UN TERREO EN SIGÜEIRO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE

- *A parcela onde se situará o centro é de 3.185 metros cadrados*
- *O investimento deste centro de saúde ascende a máis de 1,8 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a cesión dun terreo realizada a título gratuito por parte do concello de Oroso a favor de Servizo Galego de Saúde con destino á construción dun centro de saúde na localidade de Sigüeiro.

A parcela cedida é de 3.185 metros cadrados e está situada moi próxima ao centro de saúde actualmente en funcionamento. O novo edificio permitirá centralizar toda a asistencia nun edificio único, incrementar o cadro de persoal, e mellorar os espazos para a atención das e dos usuarios, tanto nas salas de espera como nas consultas; así como a posta en marcha de novas actividades e probas en Atención Primaria. Na actualidade, a área de Pediatría e a de Atención á Muller encóntranse nun local próximo ao centro.

A nova construción contará con oito consultas médicas, dúas de pediatría, oito de enfermería, unha sala de toma de mostras e tres salas polivalentes. A área de Pediatría e a de Educación Maternal estarán en espazos ben diferenciados dentro do centro de saúde. A consulta da matrona estará no ámbito da área de Educación Maternal.

Este novo centro paliará as deficiencias estruturais e de espazo que ten o centro de saúde actual e, polo tanto, ofertará maior comodidade aos usuarios e usuarias, así como aos profesionais e, permitirá poñer en práctica actividades propias da Atención Primaria como a cirurxía menor, seguimento compartido de usuarios entre médicos e enfermería, control do sintrom (TAO), entre outros programas.

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, xa anunciou en febreiro a próxima licitación da obra de construción deste novo centro de saúde, que suporá un investimento de máis de 1,8 millóns de euros. O estudo e a redacción do proxecto contaron cun orzamento que ascende a 55.774 euros, mentres que a obra contará cun orzamento superior ao 1.815.000 euros.

Na actualidade, o centro de saúde de Oroso atende a 7.309 usuarios e usuarias, e cada médico de familia ten unha media de 1.540 tarxetas asignadas, os pediatras atenden a unha media de 573 usuarios cada un, e o ratio de enfermería é de 2.436 pacientes.





Oroso é un concello en constante crecemento, e estímase que nos vindeiros anos pasará dos 7.300 habitantes actuais ata os 10.000 usuarios e usuarias da Sanidade pública galega.

Estas obras de construción forman parte do Plan Director de Infraestruturas Sanitarias que prevé un investimento para os vindeiros seis anos de máis de 1.300 millóns de euros e que ademais de intervir na totalidade dos hospitais galegos, prevé a construción de 66 novos centros de saúde e grandes reformas noutros 22.

Actualmente, o cadro de persoal do centro é de catro profesionais de Medicina de Familia, tres diplomados de enfermería, dous profesionais da Pediatría, unha matrona, e dous profesionais de servizos xerais.

Dende o ano 2006, houbo varias melloras en recursos humanos, co incremento dunha praza de médico de e outra de enfermería. Ademais, a posta en funcionamento en setembro de 2007 dun local anexo ao centro de saúde destinado á atención pediátrica, supuxo outro incremento cunha praza dun profesional de pediatría e unha persoa para servizos xerais.

No marco da aplicación do Plan de Mellora de Atención Primaria, está previsto incrementar o cadro de persoal deste centro de saúde, coa incorporación dun profesional da Medicina Familiar e Comunitaria, e de dous profesionais e un auxiliar de Enfermería



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU ESTA MAÑÁ A CESIÓN DA PARCELA PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE BUÑO

- *O terreo, de 2.050 metros cadrados, permitirá a construción dun centro de saúde en Buño con dúas consultas de medicina e outras dúas de enfermaría, ademais doutras salas de uso común*
- *O futuro edificio beneficiará a máis de 2.200 usuarios e usuarias que viven en Buño e outras parroquias limítrofes, que contarán con mellores servizos sanitarios*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a cesión dunha parcela de 2.050 metros cadrados, realizada de xeito gratuíto por parte do concello coruñés de Malpica de Bergantiños para a construción do centro de saúde de Buño.

O asistencia sanitaria na zona desenvólvese actualmente nun centro de saúde situado en Malpica, e nun consultorio situado na localidade de Buño nun local municipal de dimensións reducidas.

A construción do futuro centro de saúde en Buño suporá contar cun edificio que constará de área médica (con dúas consultas de medicina xeral, dúas consultas de enfermaría, unha sala de espera, e unha sala polivalente); así como dunha área de administración e outros servizos (área de admisión, arquivo de historias clínicas, almacén de material, aseos, sala de xuntas, entre outros servizos).

O novo edificio permitirá mellorar os espazos e servizos para a atención das e dos usuarios, e dos propios profesionais tanto nas salas de espera como nas consultas.

Actualmente, o cadro de persoal responsable da atención sanitaria do concello de Malpica consta de catro profesionais de Medicina Familiar e Comunitaria, tres profesionais de enfermaría, e un profesional de pediatría; así como dous profesionais da función administrativa.

Todos os facultativos do centro de saúde de Malpica desprázanse ao consultorio de Buño para prestar asistencia a unha poboación de 2.207 usuarios e usuarias, tanto de Buño como de parroquias próximas.

No centro de saúde de Malpica aténdense a un total de 6.707 usuarios e usuarias, dos que 1.758 son maiores de 64 anos, e outros 552 están en idade pediátrica.

O Plan Funcional do futuro centro de saúde está adaptado ao disposto no Plan de Mellora para a Atención Primaria 2007-2011.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN DA RÍA DO BURGO PARA OS MARISCADORES A PÉ

- *Esta modificación constitúe a segunda addenda ao protocolo subscrito entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores da Coruña e ampliará a vixencia das actuacións ata finais de 2008*
- *O departamento autonómico vén desenvolvendo diferentes medidas nas áreas de produción catalogadas como zona "C" para paliar as consecuencias desta clasificación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do Plan de recuperación da Ría do Burgo, no que participan os mariscadores a pé. Esta medida suporá ampliar ata o 31 de decembro deste ano o protocolo asinado entre os dous organismos e para o seu desenvolvemento o departamento autonómico achegará 686.631,84 euros con cargo aos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, que poderán ser cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca (FEP).

A actuación aprobada esta mañá polo Goberno galego obedece a que o seguimento do estado sanitario das augas e as actuacións previstas non fan agardar que as condicións microbiolóxicas dos bancos marisqueiros melloren sensiblemente a medio prazo, polo que Pesca considerou conveniente prorrogar o convenio actual ata o remate de 2008, xa que a data de vixencia recollida no mesmo é o 30 de xuño. Non entanto, o acordo quedará sen efecto desde o mesmo día en que se faga efectivo o cambio de clasificación da Ría do Burgo de zona "C" a "B", aínda que tal circunstancia se dea antes do 31 de decembro deste exercicio.

Tanto as dúas addendas como o propio convenio forman parte das iniciativas que está impulsando a Administración pesqueira galega para paliar a diminución de ingresos á que se ven abocados os traballadores do mar en varias rías galegas pola catalogación das súas zonas de produción como "C", o que lles impide comercializar en fresco o recurso extraído nesas áreas. No caso dos mariscadores a pé da Coruña, a Consellería de Pesca xa vén desenvolvendo un plan de recuperación dende marzo do ano pasado, ao que destinou máis de 1,2 millóns de euros. Ademais, a Consellería achega, en 2008, unha contía superior aos 701.000 euros para as actividades que están levando a cabo os mariscadores dende embarcacións do pósito coruñés. Cada mariscador cobra 82 euros por xornada traballada.

### **Obxectivos e actividades do Plan**

O Plan de recuperación da Ría do Burgo, no que participan os mariscadores a pé da confraría coruñesa, ten como finalidade manter en condicións axeitadas os bancos do



intermareal; evitar a actuación impune dos furtivos e a explotación incontrolada das áreas de produción; e potenciar a profesionalización dos mariscadores, mellorando as súas condicións de traballo e seguridade, así como outras capacidades. Deste xeito, as actuacións a levar a cabo, ao igual que nos últimos meses, son accións de acondicionamento e rexeneración dos bancos, incluíndo a limpeza de mexillón e restos antropóxicos e traslados de marisco; medidas de vixilancia; e actividades formativas. Pola súa banda, a confraría deberá coordinar e controlar a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Para o desenvolvemento do Plan está previsto dividir os mariscadores en tres grupos de traballo que realizarán unha das actividades en cada marea e se irán rotando de xeito que todos leven a cabo todas as iniciativas contempladas. Neste punto, cabe sinalar que o incumprimento das tarefas programadas sen xustificación e a extracción de marisco en zonas ou épocas non autorizadas dará lugar á exclusión do plan de traballo.



## **O GOBERNO GALEGO CLAUSURARÁ OS VERTEDOIROS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE PRADO CANTEIRA E MONTE DO CAMPANARIO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE CAMARIÑAS, CUN INVESTIMENTO DE 497.573 EUROS**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 497.573 euros á adecuación, selado e clausura dos vertedoiros de residuos sólidos urbanos (RSU) de Prado Canteira e Monte do Campanario, no concello coruñés de Camariñas. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace para autorizar a colaboración técnica e económica entre a administración autonómica e local.

O obxectivo desta actuación é eliminar os riscos e efectos ambientais negativos producidos como consecuencia da acumulación de residuos en Prado Canteira, ao norte do núcleo de Camariñas, e no vertedoiro de Monte do Campanario, ao norte do núcleo de Ponte do Porto, que ocupa parcelas públicas e privadas.

Os traballos a realizar pasan polo perfilado dos residuos, co fin de proceder á súa selaxe seus selado, impermeabilización superior do vertedoiro, control de augas de escorrentía superficial, control de augas de infiltración e control de lixiviados e gases, ademais de preparación do muro, accesos e sinalización, acondicionamento e revexetación da zona.

### **O prazo de execución do proxecto é de seis meses**

A achega da Consellería de Medio Ambiente estará fraccionada en dúas anualidades, a primeira de 248.786 euros con cargo ao orzamento deste ano, e a segunda, da mesma cantidade, no do 2009.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 755.000 EUROS NA ADECUACIÓN, SELAXE E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RSU DO PARQUE EMPRESARIAL PORTO DO MOLLE, NO CONCELLO DE NIGRÁN (PONTEVEDRA)**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 755.014 euros na adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos (RSU) do parque empresarial de Porto do Molle, no concello pontevedrés de Nigrán. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración autonómica e a local para a execución desta actuación.

Os traballos a realizar pasan pola excavación dos residuos existentes no vertedoiro actual, sito en terros propiedade do Consorcio Zona Franca de Vigo, no Parque Empresarial de Porto do Molle, e o seu traslado a unha parcela de recepción, onde se procederá a súa selaxe e ao control de lixiviados e gases. Con estas obras preténdese eliminar os riscos e efectos ambientais negativos producidos como consecuencia da actividade do vertedoiro.

A clausura do vertedoiro é unha actuación incluída no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados do Plan xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, na que se establece a colaboración da Consellería de Medio Ambiente para desenvolver os mecanismos axeitados para acadar unha xestión sustentable dos residuos urbanos nos concellos de Galicia. O prazo de execución da obra é de catro meses.



## O GOBERNO AUTONÓMICO DESTINA 75.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DO “PROXECTO RÍOS”, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA

- *Este programa de educación para a sustentabilidade dos ríos formará a preto de 250 grupos de voluntarios de 50 concellos de Galicia*
- *O voluntariado realizará inspeccións para comprobar o estado dos ecosistemas fluviais e recollerá mostras para avaliar o estado dos caudais*
- *Entre as actuacións previstas atópase o estudo da presenza de especies invasoras nos ríos galegos e a elaboración, a partir de varios indicadores naturais, dun retrato dos cambios estacionais en Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 75.000 euros á posta en marcha do “Proxecto Ríos”, mediante un convenio de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega). O Consello da Xunta autorizou hoxe a suscripción do convenio entre coa asociación ecoloxista para materializar este programa de educación para a sustentabilidade dos ríos.

O obxectivo do proxecto é, por unha parte, concienciar a poboación da importancia de adoptar actitudes encamiñadas á mellora e protección do ambiente, ademais de traballar activamente na mellora dos ecosistemas fluviais e crear unha rede cidadá activa na protección dos ríos, que permita coñecer o seu estado de saúde e previr e solucionar problemas. Para iso, o Proxecto Ríos promoverá a formación de preto de 250 grupos de voluntarios en máis de 50 concellos de Galicia, especialmente naqueles que forman parte do proxecto de “Núcleos de Sustentabilidade”.

Estes voluntarios recibirán formación en materia ambiental e dos ecosistemas fluviais, e realizarán, con apoio titorial, inspeccións fluviais nas que identificarán as especies vexetais e animais das marxes e leito dos ríos e tomarán mostras para analizar os parámetros físico-químicos e biolóxicos e avaliar así a calidade das súas augas.

Xunto á análise do estado das augas, os voluntarios tamén avaliarán a presenza de especies invasoras nos ríos galegos e traballarán no establecemento de varios indicadores naturais para obter un retrato dos cambios estacionais no territorio galego.

A asociación ecoloxista Adega será a encargada de desenvolver o proxecto, mediante o asesoramento aos voluntarios, elaboración do material necesario, como a edición de fichas das especies invasoras e un caderno fenolóxico que servirán como material complementario aos voluntarios nas inspeccións, e asignará os recursos materiais e humanos necesarios para prestar un apoio titorial aos grupos.



O convenio estará vixente ata decembro do 2009, e a Consellería de Medio Ambiente achegará para a súa realización 25.000 euros no presente ano e 50.000 euros no vindeiro.





## **O GOBERNO GALEGO INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS NA REURBANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE CUNTIS, TOMIÑO, MARÍN E BUEU PARA A SÚA MELLORA E ACONDICIONAMENTO**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Vivenda e os catro concellos para levar a cabo estas actuacións cun orzamento total de 2.557.639 euros*
- *A Xunta cede ao Concello da Illa de Arousa as vías e espazos públicos que integran a urbanización interior do grupo de vivendas protexidas virxe do Carme*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de catro convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e os concellos de Cuntis, Tomiño, Marín e Bueu para a reurbanización de espazos públicos. O obxectivo é a mellora e acondicionamento de ámbitos urbanos degradados nestes municipios para favorecer o seu aproveitamento por parte dos veciños e veciñas. O investimento total previsto para estas actuacións ascende a 2.557.639 euros, dos que 2.046.111 euros son achegados pola Consellería.

No caso do Concello de Cuntis as obras de reurbanización están destinadas á recuperación dos valores urbanos e ambientais do contorno da Praza da Constitución. No Concello de Tomiño, a Consellería financiará a mellora e acondicionamento da Praza da Mina e o seu contorno. En Marín, as obras acometeranse na Barriada Pérez Crespo no Núcleo de Mogor para a renovación das infraestruturas e servizos actuais. E, por último o convenio co Concello de Bueu considera a rehabilitación da rúa peonil Eduardo Vlcenci, que actulmente está moi deteriorada para dotala dun deseño máis coidado e de mobiliario urbano axeitado para o seu uso.

As melloras autorizadas hoxe polo Consello da Xunta, enmárcanse nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a cesión por parte da Consellería de Vivenda e Solo ao Concello da Illa de Arousa das vías e espazos públicos que integran a urbanización interior do grupo de vivendas protexidas Virxe do Carme.

Trátase da superficie libre nas parcelas denominadas Niño d´Agro e Laxes de Paradela, sobre as que se construíron un total de 90 vivendas protexidas na década dos anos 50. O Concello pasa a ser o propietario destes espazos públicos destinados



a dotar a urbanización de vivendas de vías públicas, zonas de acceso e espazos libres de uso público. Con esta cesión, a Consellería de Vivenda e Solo dá resposta a unha antiga solicitude do Concello da Illa de Arousa.



## A AXENCIA ESPACIAL EUROPEA OUTÓRGALLE A GALICIA O DESENVOLVEMENTO DUN PICOSATÉLITE DE TIPO CUBESAT

- *Trátase dun satélite que partirá na carga útil do voo inaugural da lanzadeira espacial Vega o próximo inverno*
- *O proxecto axudará a promover o desenvolvemento de empresas de telecomunicacións en Galicia, entre as que se atopa o operador público Retegal S.A. e a Universidade de Vigo*
- *A iniciativa non persegue explotar comercialmente un satélite senón que se trata dun proxecto vencellado á investigación e a capacitación tecnolóxica das universidades e empresas galegas*
- *Trátase do único proxecto español seleccionado entre os máis de 25 presentados a nivel europeo*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe polo que se dá conta da aprobación por parte da Axencia Espacial Europea do proxecto da empresa pública Retegal S.A. e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun picosatélite de tipo CubeSat. Esta decisión da Axencia Espacial Europea permitirá a primeira participación galega e a única do Estado na carga útil do voo inaugural la lanzadeira espacial Vega.

O informe coñecido hoxe pola Xunta destaca que o Executivo participa así neste proxecto dentro do seu obxectivo de mellora continua nas capacidades do operador público Retegal e dentro dos seus obxectivos de posicionarse na primeira liña das telecomunicacións en todas as súas variantes. De aí a participación nun consorcio para o desenvolvemento dun picosatélite de tipo CubeSat. No consorcio participa ademais a Universidade de Vigo (responsable do proxecto), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial INTA dependente do Ministerio de Defensa, o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Axencia Espacial Europea. O lanzamento está previsto para o próximo inverno.

O proxecto persegue a promoción do desenvolvemento de empresas tecnolóxicas no mundo das telecomunicacións en Galicia, entre as que se atopa o operador público Retegal S.A. Ademais, o proxecto converte a universidade galega nunha das 8 universidades europeas líderes no desenvolvemento de picosatélites a nivel Europeo.

### **Obxectivos do picosatélite**

O picosatélite de tipo CubeSat ten como obxectivo a investigación no campo das comunicacións dixitais, a mellora dos sistemas fotovoltaicos satelitais e o desenvolvemento de metodoloxías para a xestión de satélites de comunicación. Ademais dos obxectivos específicos do resto dos socios, o operador público galego Retegal S.A. ten como obxectivo adquirir experiencia no mundo das comunicacións satelitais.



A iniciativa non persegue explotar comercialmente un satélite de comunicacións. Trátase dunha iniciativa vencellada á investigación e a capacitación tecnolóxica das nosas universidades e empresas. Aínda así, esta iniciativa enmárcase dentro das estratexias presentadas no seu día tanto pola Fundación para a Sociedade do Coñecemento como pola Consellería de Innovación e Industria.

### **Antecedentes do proxecto**

O 28 de maio de 2007, Antonio Fabrizi, director das lanzadeiras da ESA, e René Oosterlinck, directora da Axencia de relacións exteriores e do gabinete xurídico, asinaron un acordo para incluír unha carga con carácter educacional no voo inaugural do novo Lanzador da Axencia Espacial Europea que se denominará Vega e que será lanzado desde a base de lanzamentos da Axencia Espacial Europea na súa sede de Korou, na Guayana Francesa.

O proxecto Cubesat é un proxecto baseado na colaboración de máis de 40 universidades e empresas privadas para desenvolver pico-satélites que conteñan carga útil de carácter científico, comercial e governamental.

Con data do 16 de marzo de 2008, presentouse a proposta final da Universidade de Vigo en colaboración co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), cun proxecto que recolle a experiencia do INTA no desenvolvemento de satélites e que permitirá tanto aos Investigadores da Universidade de Vigo como, e fundamentalmente aos seus estudantes, abordar con todas as garantías de éxito, un proxecto tan ambicioso e importante como a posta en órbita dun satélite de uso científico.

A proposta de proxecto ten un carácter científico e educacional, pero mantendo un alto grao de calidade e profesionalidade, xa que se incluiron os protocolos e requisitos que obrigatoriamente se lle esixen aos satélites de uso profesional.

### **Participación do operador público galego Retegal**

O operador público de telecomunicacións galego Retegal S.A. considerou de interese estratéxico a participación neste proxecto, xa que permitirá incluír na súa cultura de empresa os protocolos vencellados ás comunicacións satelitais, de xeito de que poida posicionarse neste mercado, e contribuír a que Galicia adopte as solucións máis axeitadas neste eido.

O día 2 de xuño coñecéronse os proxectos seleccionados de entre os máis de 25 presentados. O proxecto denominado Dieste foi o único proxecto español seleccionado.



### **Características adicionais do proxecto**

A partir deste proxecto, as universidades Galegas, os seus investigadores e os seus estudantes estarán situados como unha das universidades de referencia e excelencia neste campo, o que permitirá abordar proxectos máis ambiciosos de uso científico e comercial, permitindo a creación de tecido industrial e emprego neste sector estratéxico que son as comunicacións por satélite.

### **RETEGAL S.A.**

Retegal é o operador de referencia en Galicia para a difusión de sinais de televisión analóxicas e dixitais, e para servizos de datos institucionais. Entre outros clientes, Retegal proporciona servizos de telecomunicación á radio e televisión galegas, á Rede de Telecentros da Secretaría Xeral de Comunicación, aos operadores estatais Abertis e Axion, ao Centro de Supercomputación de Galicia e as universidades galegas, e a propia administración autonómica. Como operador público, Retegal ten como principal obxectivo proporcionar unha rede de infraestruturas de telecomunicación total, segura e eficiente, que se traduza de inmediato en beneficios reais para todos os cidadáns de Galicia, estean onde estean e vivan onde vivan.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 16,4 MILLÓNS DE EUROS EN ACTUACIÓNS DESTINADAS A GARANTIR O ABASTECIMENTO DE AUGA NOS MESES DE ESCASEZA DE CHOIVAS

- *O Consello da Xunta avaliou os proxectos considerados prioritarios para garantir o abastecemento nos concellos que se viron especialmente afectados pola escaseza de chuvias do pasado outono*
- *A Consellería de Medio Ambiente destinará máis de 11,5 millóns de euros á mellora de grandes sistemas de explotación en Cecebre, O Barbanza e O Salnés, co fin de ampliar a capacidade hidráulica das redes de abastecemento dos concellos da Coruña, Padrón e Vilagarcía de Arousa*
- *No encoro do Cecebre as obras consistirán na construción de depósitos de cabeceira e conexións xerais na rede de abastecemento da Coruña*
- *No Barbanza incrementarase a capacidade hidráulica de captación e bombeo da Estación de tratamento de auga potable de Carcacia, en Padrón*
- *O sistema de explotación do Salnés reforzarase co aumento da capacidade da ETAP de Vilagarcía de Arousa*
- *A consellería destinará ademais 4,7 millóns a outras obras para mellorar e ampliar a rede de abastecemento nos concellos ourensáns de Maceda, Coles, Vilamarín, Amoeiro, A Peroxa, Cenlle, San Amaro e Punxín*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, a declaración de emerxencia para a execución inmediata dunha batería de actuacións destinadas a garantir o almacenamento e abastecemento de auga nos núcleos de poboación que se viron especialmente afectados pola escaseza de chuvias do pasado outono. Estas obras están encamiñadas á mellora das infraestruturas hidráulicas de almacenamento, captación, tratamento e regulación de auga, co fin de dotar de capacidade aos sistemas de abastecemento dos concellos que presentan maiores carencias nesta materia.

O importe total do investimento que realizará a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ascende a 16.405.391 euros, dos cales a maior achega será a destinada a mellorar grandes sistemas de explotación, concretamente os de Cecebre, O Barbanza e O Salnés; cun investimento conxunto de máis de 11,5 millóns; noutras obras menores para o reforzo das redes de abastecemento en concellos, realizarase unha achega de máis de 4,7 millóns e o resto do orzamento destinarase a sufragar os gastos de asistencias técnicas.

Así, a Consellería de Medio Ambiente investirá algo máis de 10 millóns de euros na mellora do sistema de explotación de Cecebre, coa construción de depósitos de cabeceira e conexións xerais na rede de abastecemento da Coruña. No Barbanza, a



consellería achegará 405.000 euros para incrementar a capacidade da captación e bombeo da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Carcacia, en Padrón, mentres que no Salnés aumentarase a capacidade hidráulica da ETAP de Vilagarcía de Arousa.

### **Redes de Abastecemento**

Co fin de mellorar a subministración de auga á poboación, a consellería destina 4,7 millóns de euros a obras para reforzar e ampliar as redes de abastecemento en varios concellos da provincia de Ourense que o pasado outono sufriron problemas para a distribución de auga.

As actuacións previstas son a mellora da rede de abastecemento de auga ao concello de Maceda e a ampliación da rede actual nos concellos de Coles, Vilamarín, Amoeiro, A Peroxa, Cenlle, San Amaro e Punxín.

### **Obras realizadas**

A Consellería de Medio Ambiente iniciou xa a execución doutras obras para garantir o abastecemento en épocas de escaseza de choivas, tamén tramitadas con carácter de urxencia e aprobadas polo Consello da Xunta no pasado mes de decembro. Estas actuacións contaron cun investimento de 5,5 millóns de euros e inclúen a construción de depósitos de auga e reforzo das redes de abastecemento nunha ducia de concellos galegos.